



# VIXILIA PASCUAL

## **Queridos irmáns,**

Toda a historia da humanidade, a creación no primeiro día, os nosos pais na fe, desde Abraham, Moisés e os profetas, todos os que sufriron e rezaron a Deus, os que, contemplando o mundo e a historia do seu pobo, compuxeron salmos e oracións, toda a historia da humanidade encamiñábase a este momento que agora celebramos, a esta escena que acabamos de escoitar.

Aquela madrugada, no primeiro día da semana, as mulleres, querendo aínda coidar e atender a quen quixeran tanto, a quen non esquecían, foron ao seu sepulcro.

A aparición do anxo, cuxo aspecto era de lóstrego, ante o cal os soldados quedaron como mortos, vencidos sen remedio, e a terra tremeu fortemente, non era a resposta celestial á violencia exercida contra o Señor Xesús, que o anxo sen dúbida puidese impedir, se Deus quixese.

Pero este non era o noso destino, que as forzas celestiais interviñesen para resolver a batalla, que nós non seríamos capaces de afrontar neste mundo.

Todo o decisivo ocorrera xa e o anxo era só o seu mensaxeiro; expresaba a proximidade divina que respondía a quen buscaba con tanto afecto a Xesús. O anxo, por honrar ao Señor, compartindo o desexo das mulleres e coa cortesía dos ceos, move a pedra e anúncialles o sucedido, o que pasara no silencio. Sen que o puidesen deter os lazos da morte, sen necesidade nin de mover a pedra, Xesús resucitara e deixara baleiro o sepulcro, levando a termo a misión encomendada ao nacer; e manifestábase como o verdadeiro Señor de todas as cousas, tamén do tempo, do espazo e da materia.

Pero esta gloria, que o texto indica, non é descrita particularmente nestes momentos. Móstrárenos outra gloria, que nos toca intimamente, que se corresponde co corazón mesmo tamén do Señor. O evanxelista nárranos que o Resucitado, Xesús, de súpeto saíu ao encontro das mulleres e díxolles: "alegrádevos", "non temades", "ide dicirllas aos meus irmáns", mentres deixaba que o abrazasen. Elas, aínda que conmovidas ante o esplendor da presenza de Xesús, tiveron o ánimo de abrazarlle os pés.

Era realmente Xesús. No silencio do sepulcro, percorrendo todos os camiños do sufrimento, ofrecéndose na cruz polos seus irmáns, experimentado a morte e baixado aos infernos para abrir as portas do abismo, Xesús resucita na gloria do Pai, en unidade co cal fixera todo este camiño.

Como non recoñecer agora o valor inmenso da súa vida, da súa entrega en Galilea e en Xerusalén, como Bo Pastor que dá a vida polo rabaño? Todo fora verdade, os seus xestos e palabras, a misión recibida do Pai, a realidade da salvación dos irmáns.

Resucitou o que nos ama e entregouse por nós á morte en cruz. O Pai quíxoo así desde sempre, comparte este mesmo amor, entréganos ao Fillo.

Resucitou o que nos amou e nos ama. Conduciu a nosa humanidade á gloria, abriu ás nosas vidas o horizonte verdadeiro e pleno, a familiaridade con Deus mesmo.

Tanto valeu o seu existir, o seu corazón, a súa Persoa, que transformou para sempre o sepulcro, o destino da nosa vida terreal; e afirmou o valor da existencia na terra de todos nós.

Para este destino creou Deus o mundo, para isto deunos a vida a cada un. Tanto pode valer o tempo, a fatiga, as relacións que compoñen a nosa existencia, vividas na fe e no amor. Non venceu –non vencerá, non determinará o noso destino– a forza dos soldados, que quedou fóra, sen intervención neste momento da historia.

Brilla en cambio a alegría do corazón, que descobre con asombro que a verdade e o ben vividos, tan evidentes no seu momento, non foron en balde, non desapareceron. Que a relación vivida con Xesús, aquela unidade chea de riquezas de humanidade e de promesas, de esperanza e de fe crecente no Deus Pai misericordioso, era totalmente verdadeira; e permanece no tempo, poderá seguir fundamentando e iluminando o camiño da vida.

Que a fraternidade gozosa ao seu redor non desapareceu, non puido ser destruída polas forzas deste mundo, nin polas mentiras, a violencia e a morte.

Xesús resucitado confírmalo. Vén ao encontro das mulleres; confórtaas e confirma a relación cos que segue chamando os seus “irmáns”. Pero agora a comunión con El adquiriu dimensións novas. Porque é xa unidade con quen pasou pola morte e venceuna, por quen rescatou do mal aos seus irmáns e recibiu a gloria plena de Deus Pai. É comunión con quen é xa patentemente o Señor, o camiño, a verdade e a vida.

Isto lles mandará pouco despois: Ide e ensinade a todas as xentes, e a quen crea, bautizádeo no meu nome. Eu estou convosco todos os días ata o fin do mundo.

O bautismo é a nosa unión con Cristo, a forma da nosa participación na seu ser e na súa misión. Por este sacramento entramos en comunión con quen morreu e resucitou, e dános parte no seu Corpo e o seu Sangue. Participamos de todo o seu, tamén da súa morte e a súa resurrección, dos froitos da cruz e da vida nova que se estende como unha graza divina.

A nosa unidade con Xesús é obrada para cada un de nós no bautismo, que nos dá parte, real aínda que misteriosamente, na súa morte e resurrección, no perdón dos pecados.

Deámoslle grazas ao Señor, por entregarse sen reservas á súa misión, para salvar o noso mundo, a existencia e as persoas de cada un; polo seu amor ata a cruz. Deámoslle grazas por querer estar e compartir todo a seu ser connosco, se o noso corazón, restaurado pola súa presenza, o acepta de verdade.

Deámoslle grazas polo noso bautismo, por ser seus, membros do seu Corpo, da súa familia; por participar do seu Espírito de caridade. E pidámoslle que esta comunión, esta mirada sobre o outro e sobre todas as cousas, esta caridade chegue a ser de verdade criterio e guía da nosa existencia, sen que nos desvíen afagos ou sufrimentos, sen que nos enganen teorías complicadas ou a nosa propia soberbia.

Que a paz do Señor e a alegría gobernen os nosos corazóns, nos momentos doados e difíciles, gozosos ou dolorosos.

O Señor resucitou, segundo as Escrituras. Alegrémonos. Non o deixemos no esquecemento. Axudémonos a lembrar:

***Se Deus está connosco, quen estará contra nós? ... Pois ... nin morte, nin vida, ... nin presente nin futuro... nin ningunha outra criatura poderá separarnos do amor de Deus manifestado en Cristo Xesús o noso Señor. (Rm 8, 31.38-39)***

+ Alfonso,  
Bispo de Lugo